

TRABALLO PARA O ALUMNADO DE 2ª DURANTE O PERÍODO DE CUARENTENA

- Primeiramente: **para o alumnado é importante manter unha rutina** (dentro das nosas posibilidades) mantendo un horario e espazo de traballo e programando uns obxectivos para traballar cada día.

Para traballar mentres dure a cuarentena estas son as **TAREFAS**:

- **Rematar o caderno “Números y operaciones 4”**, facendo cada día unha páxina, por exemplo.
- Todos os días adicarlle, polo menos, 20 minutos á **lectura**.
- Non perder o hábito da **escritura**, aplicando a maiúscula ao inicio de oracións e nos nomes propios e o punto final. O alumnado pode escribir cada día un pouquiño sobre o que lle apeteza: inventar e resolver un problema matemático, redactar unha receita, facer un ditado, escribir un resumo dun libro ou unha película, facer un cómic...
- No [apartado de 2ªA da web do colexio](#) **colgarei recursos variados (xogos, vídeos, textos)**, para que as nenas e nenos podan facer en tablets ou ordenador algunha actividade. Tamén, as titoras de 2º estamos valorando a posibilidade de que podades empregar a **plataforma Snappet** dende os ordenadores/tablets das vosas casas. Estade atent@s ao apartado de 2ªA da web do cole para saber se finalmente o empregaremos e de que xeito.
- As familias tedes o meu **correo electrónico** (proporcionado na titoría conxunta de principio de curso) por se precisades poñervos en contacto connigo. Tamén sería interesante que, aquel alumnado que queira, me pasase polo correo fotografías co traballo que vai facendo diariamente, para poder darlle unha retroalimentación sobre o que está a facer (resolver dúbidas, corrixirille, aconsellarille, darlle os parabéns, etc.) e mesmo para manter o contacto con eles.
- Recoméndase tamén instalar a **aplicación AbalarMóbil** para estar en todo momento informados sobre a actividade do centro e recibir comunicacións.

Gracias pola vosa colaboración,

Lucía Yáñez Santos (titora de 2ªA do CEIP Salgado Torres)

A Coruña, 15 de marzo do 2020.